

COMISIÓN DE ACCIÓN SOCIAL ACTA

Data: 21 de marzo de 2019

Hora de inicio/hora de remate: 13.00h / 13:47 h

Lugar: Sala de reunións do edificio Exeria

Membros:

Pola Universidade:

- Raquel María Souto García (Xerenta)
- José González Groba (Vicexerente)
- Antonia Melón Amor
- Sonia Pereira das Dores (secretaria)

Polos Comités de Empresa de PAS de Ourense e Pontevedra:

- José Estévez Vázquez
- Carlos Román Lago
- Luis Pérez Gómez

Pola Xunta de PAS:

- Xoan M. Cebro Rodríguez
- Henrique Macías Cambra (ausente)
- José Manuel Sónora Abeijón

Pola Xunta de PDI:

- Generosa Fernández Manín
- Xavier Roca Pardiñas (ausente)
- José Carlos Álvarez Villamarín (ausente)

Polos Comités de Empresa de PDI de Ourense e Pontevedra:

- Begoña González de Prado
- Javier Lorenzo Paniagua

ORDE DO DÍA

1. Presentación informe-resumo acción social 2017.
2. Aprobación da convocatoria e solicitude de Axudas Fondo Social 2018 (gastos 2017).
3. Rogos e preguntas.

Inicia a sesión a Xerenta pedindo disculpas polo retraso na convocatoria, indicando que intentarase que a próxima convocatoria saia en prazo (outubro) e así regularizar a situación.

Infórmase que a acta da sesión anterior xa quedou aprobada na propia sesión por mor do cambio de Xerencia.

Punto 1 Presentación informe-resumo acción social 2017

Preséntase un informe resumo da convocatoria de acción social 2017 (gastos 2016), co detalle do reparto e cantidades asinadas segundo modalidade de axuda. (anexo I).

En relación á consulta formulada por Javier Lorenzo Paniagua nas aportacións á nova convocatoria de acción social 2018 relativa a que “sería bo dispoñer de información sobre importes solicitados por capítulo para ver se se corresponden coas porcentaxes reservadas. O ano pasado reducimos a idade de 80 a 70, ver se houbo máis solicitudes como consecuencia deste cambio e como afectou a repartición no relativo á axuda de maiores de 70”. Coméntase pola xefa do servizo de retribucións o cadro relativo ao número de solicitudes por modalidade de axuda. En concreto, indícase o número de solicitudes de maiores de 70 anos e as idades nas que están comprendidas:

- 4 solicitudes cuxas idades están comprendidas entre 70-79 anos.
- 6 solicitudes en idades comprendidas entre 80-86 anos.

Generosa Fernández Manín, manifesta que habería máis solicitudes para axudas a maiores, se os tramos de renda per cápita fosen máis elevados do que son.

Punto 2 Aprobación da convocatoria e solicitude de Axudas Fondo Social 2018 (gastos 2017)

Luis Pérez Gómez manifesta que non vai facer modificacións nesta convocatoria porque xa se está con retraso, é unha situación especial e quere chegar a un acordo. Unha vez que haxa nova composición da comisión de acción social, polo ano electoral de PAS e PDI, poderase facer unha nova proposta de convocatoria, pero este non é o momento oportuno. Pide que a Comisión resolva hoxe as dúas convocatorias de acción social da correspondente ao 2018 e a do ano 2019.

Xan Cebro apoia a Luis Gómez no referente a non modificar nada da convocatoria, unicamente os aspectos técnicos, fallos do borrador, pero manifesta que non ten intención de discutir a convocatoria en si. Propón que a convocatoria sexa idéntica á do ano anterior. Se a corrección de erros mellora a xestión da convocatoria para o Servizo pois que se faga.

A xefa do servizo de retribucións explica que na convocatoria non se introduciron modificacións en canto ao contido da acción social con respecto á convocatoria do ano anterior. As modificacións introducidas refírense unicamente á redacción, signos ortográficos, sintaxe e gramática, e a aquelas impostas pola lei de protección de datos. A modificación no modelo de solicitude responde á necesidade de facilitar a tarefa de encher os datos na solicitude, así como favorecer a mecanización dos mesmos na aplicación informática.

Luís Pérez comenta que a axuda a maiores modificárase non estando el de acordo.

A Xerenta dalle a quenda a José Estévez: comenta que na convocatoria pasada se falara de incluír como axuda comprendida na acción social as terapias psicopedagóxicas ou psicoeducativas infantís e xuvenís daqueles menores que as precisaran, pero lle dixeran que era tarde e que formulase a proposta na convocatoria seguinte (convocatoria acción social 2018).

O comité de empresa de Pontevedra -Carlos Román- manifesta que reuniuse o día de onte e xurdiulles unha dúbida sobre as persoas beneficiarias, porque da a impresión que se axudará aos cuñados pero non aos fillos maiores de 25 anos. O comité entende que hai mais dereito a axudar a un fillo de 35 anos que a un cuñado, que si se inclúen aos parentes afines de 2º grao, canto máis deberían estar incluídos os fillos.

Generosa Fernández, como persoal desta Universidade, considera que se debería tratar só a convocatoria do ano 2017 e non a do ano 2018. Ao P.D.I. válelle a convocatoria tal como está para o ano 2017, e propón debater a do ano 2018.

Luís Pérez volve a reiterar que en cinco ou seis meses hai eleccións ao comité de empresa PAS laboral e que non é o momento oportuno para introducir novas propostas na convocatoria de acción social 2018.

A Xerenta está de acordo con Luís Pérez, Xan Cebro pide que a convocatoria saia xa, e que as alegacións á convocatoria do ano 2018 se discutan noutro momento cando os órganos de representación do PAS e do PDI xa o teñan previamente discutido para poder trasladalo á Comisión.

A Xerenta pregunta si queren que se discuta xa a convocatoria de acción social 2018 ou esperar ás eleccións dos representantes.

Javier Lorenzo Paniagua: comenta que as porcentaxes do apartado 5 obedecen ao noso interese para que se garanta un mínimo das axudas. Si se reserva case un tercio para saúde, ao dedicar unha parte menor á axuda de coidado aos menores de tres anos poderían obterse axudas altas se o número de solicitudes son poucas.

A Xefa do servizo de retribucións explica as axudas do resumo da convocatoria anterior, e indica que as axudas para minusvalías e maiores de 70 anos son as únicas nas que se concede menos do importe a repartir.

Javier Lorenzo Paniagua comenta que os tratamentos de saúde son pechados e que xeran sempre reclamacións. Nas Comisións tense falado de abrir os tratamentos de saúde, ter unha listaxe máis numerosa, pero nunca se chegou a unha solución e déixanse desamparados algúns casos.

A xefa do servizo aclara que os tratamentos psicolóxicos ou terapias psicopedagóxicas, non están relacionadas dentro dos tratamentos de saúde da convocatoria, e que no caso do tratamento do apartado " h) Outros tratamentos médicos non cubertos polo sistema público de previsión social", non se poden incluír os tratamentos psicolóxicos porque non se entende como tratamento de saúde.

A Xerenta indica que comprobou que na acción social da AEAT falan de "tratamentos de estimulación temprana" dentro dos tratamentos de saúde.

Begoña Gonzalez de Prado engade que o problema é que os tratamentos psicolóxicos non son tratamentos médicos.

José Estévez manifesta que non entende para que era entón o período de alegacións que se deu cando se fixo a convocatoria de acción social 2018.

Generosa Fernández pide que se faga xa a votación.

Luís Pérez pide votar o borrador da convocatoria porque é o que figura na orde do día.

A Xerenta comunica que o importe que se destinará á convocatoria de axudas do Fondo Social 2018 será de 179.000.€, a mesma cantidade que nos anos anteriores.

Apróbase o borrador da convocatoria cos votos en contra de José Estévez Vázquez (Comité de Empresa PAS Pontevedra, Carlos Román (Comité de empresa PAS Pontevedra) e Javier Lorenzo Paniagua (Comité de Empresa PDI Pontevedra).

Punto 3 Rogos e preguntas

Generosa Fernández pide que se faga a convocatoria de acción social cos representantes de todas as mesas tanto PDI como PAS para as próximas convocatorias. Luís Pérez aclara que a reunión que tivo lugar coa mesa de PAS laboral e funcionario foi da parte social e de carácter informal, que non foi asunto de Xerencia, quen convocou esqueceuse de convocar ao PDI.

Generosa formula un segundo rogo que se presente a masa salarial separada de PDI e PAS. Luís Pérez pide que se retire esa pregunta.

Carlos Román manifesta que quere que figure en acta que o seu voto é contrario pola redacción que inclúe aos cuñados como beneficiarios das axudas pero non aos fillos maiores de 25 anos.

A Xerenta solicita que se matice isto. A xefa dos servizo de retribucións aclara que a redacción en canto aos beneficiarios das axudas é así dende o ano 2009, e que nunca se deu o caso de conceder axudas a cuñados maiores de 25 anos. O límite de idade estableceuse sempre para os fillos, pero non para os familiares ata o segundo grado de consanguinidade ou afinidade.

A Xerenta manifesta que estes aspectos hai que melloralos.

Xan volve a reiterar que para modificar a convocatoria de acción social hai que pensala ben e discutila, e que a súa aprobación sexa de xeito consensuado pola Comisión, e que cando esta se reúna o faga sabendo o que pretenden facer.

A Xerenta manifesta que dende a Xerencia está aberta a falar sobre todas estas cuestións.

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:47 do 21 de marzo de 2019 conclúe esta reunión da que, como Secretaria dou fe.